

## POR QUE? PORQUE...

Cando facemos unha pregunta, escribimos

*Por que?*

Cando respondemos, escribimos

*porque.*

Lembra que en galego o signo de interrogación

só se pon ao final.

*Por que sentas?*

*Porque estou canso.*



Completa as preguntas e as respostas. Lembra a **maiúscula**  
**ao principio.**

\_\_\_\_\_ coxeas do pé esquerdo?

\_\_\_\_\_ caín e manqueime.

\_\_\_\_\_ te deitas tan cedo?

\_\_\_\_\_ mañá terei que erguerme ás oito e cuarto.

\_\_\_\_\_ tedes tanta présa?

\_\_\_\_\_ vai pasar o autobús dentro duns minutos.

\_\_\_\_\_ hai fume naquel monte?

\_\_\_\_\_ houbo un incendio pola mañá.

\_\_\_\_\_ chegas tan tarde?

\_\_\_\_\_ perdín o tren das doce.

\_\_\_\_\_ non telefonaches?

\_\_\_\_\_ non tiña o voso número de teléfono.